

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 13 de agosto de 2020 pola que se acorda a ampliación do prazo para a presentación de solicitudes no procedemento regulado na Resolución do 3 de marzo de 2020 pola que se pon en marcha a Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (denominada Labsaúde) e se aproban e se publican as bases reguladoras para o procedemento de selección das entidades que participarán no Living Lab de Ourense, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento SA304B).*

O día 13 de marzo publicouse no DOG núm. 50 a Resolución do 3 de marzo de 2020 pola que se pon en marcha a Rede de *Living Labs* de Saúde de Galicia (denominada Labsaúde) e se aproban e publican as bases reguladoras para o procedemento de selección das entidades que participarán no *Living Lab* de Ourense e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento SA304B).

O prazo para a presentación de solicitudes era de tres meses contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, rematando o mesmo o 15 de xuño.

Ante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o goberno de España declarou, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo de 2020, o estado de alarma en todo o territorio nacional. Na disposición adicional terceira deste real decreto, na súa redacción dada polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, refírese á suspensión de prazos administrativos, sinalando a suspensión de termos e prazos para a tramitación dos expedientes de todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A reanudación dos prazos administrativos tivo lugar con efecto desde o 1 de xuño segundo o artigo 9 do Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo. Polo tanto, a nova data de finalización do prazo para a presentación de solicitudes por parte das entidades interesadas en participar no *Living Lab* de Ourense trasládase ao 31 de agosto de 2020.

A pandemia desatada polo virus SARS-CoV-2 máis coñecido como Coronavirus e a declaración do estado de alarma obrigou a que os servizos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, incluíndo o hospital de Ourense, adoptasen unha serie de medidas de reorganización asistencial encamiñadas a reforzar a seguridade tanto dos propios profesionais sanitarios como dos pacientes. Neste sentido ditáronse instrucións relativas á suspensión



ou aprazamento de procedementos cirúrxicos, probas diagnósticas ou consultas non urxentes como a Instrución 6/2020 da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

Na actualidade, os servizos asistenciais non recuperaron a súa actividade e funcionamento ordinario debido ás medidas preventivas que é necesario adoptar relativas ao distanciamento físico nos lugares públicos. A protección da saúde pública e dos riscos laborais obrigan ao mantemento, sempre que sexa posible, das modalidades de atención non presencial e á reorganización das actividades que requiran presenza física para minimizar a cohabitación de pacientes nos centros asistenciais.

A recuperación da actividade asistencial tamén se ve ralentizada polo desfrute das vacacións regulamentarias por parte do persoal, na súa totalidade ou maior parte no período ordinario (meses de xuño e setembro de 2020), segundo a Instrución 15/2020 da Xerencia do Servizo Galego de Saúde. Esta medida foi adoptada para garantir a dispoñibilidade dos profesionais ante posibles brotes ou ondas epidémicas que poidan xurdir no último trimestre do ano en curso.

Por outra banda, a declaración do estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, provocou unha parálise da actividade económica neste novo escenario social. Moitas empresas víronse obrigadas a suspender a súa actividade de xeito parcial ou total e retomala, tras a finalización do estado de alarma, pero cunha variación importante debido á adaptación das condicións de traballo ás medidas preventivas obrigatorias o que pode afectar directamente a súa produción.

Os outros potenciais participantes neste procedemento, organismos de investigación como centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica ou universidades públicas, tamén se viron afectados durante este período debido a unha notable diminución da súa actividade e ao esforzo necesario para a súa reorganización e adaptación do traballo para continuar coa súa labor na medida do posible. Ademais, no ámbito da investigación priorizáronse todos os campos relativos ao COVID-19 dada a situación excepcional e primordial existente desde o punto de vista da saúde pública.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar o prazo de presentación de solicitudes ata o día 31 de outubro de 2020, polo que resulta ampliado o prazo regulado na base sétima da citada resolución.

CVE-DOG: qbphxc85-ftt4-qju4-v2h6-x1cyxcjij5e2



Segundo. Esta modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2020

Jesús Vázquez Almuíña  
Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

CVE-DOG: qbphxc85-rtt4-qju4-v2h6-x1cyxcj5e2

